



## CALENDARIO PARA A ELECCIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

(Segundo a RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.)

### PROCEDEMENTO PRELIMINAR

<b>16 de outubro</b> (mércores)	Publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro educativo, do día e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. <i>(Artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG 29/04/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09/08/1996).</i> Envío do aviso de dito sorteo por AbalarMóbil.
<b>21 de outubro</b> (luns)	Sorteo público, ás 11:30 h, para a designación dos membros da Xunta Electoral (titulares e suplentes). Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral.
<b>22 de outubro</b> (martes)	<b>Primeira reunión da Xunta Electoral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acto da súa constitución.</li> <li>• Aprobación do calendario de actuacións.</li> <li>• Publicación do calendario no taboleiro de anuncios</li> </ul> Convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral.

### CALENDARIO DE ACTUACIÓNS (A APROBAR POLA XUNTA ELECTORAL)

<b>23 de outubro</b> (luns)	<b>Publicación nos taboleiros de anuncios:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os censos electorais do profesorado e dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado.</li> <li>- As convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos.</li> <li>- O período de reclamación aos censos, ata o 30 de outubro de 2024.</li> </ul> <b>Solicitude ao Concello e á ANPA</b> de designación dos seus respectivos representantes. <b>Envío de circular ás nais/pais</b> ou representantes legais do alumnado coa convocatoria do seu sector.
<b>Do 23 ao 30 de outubro</b> (mér./mér.)	Presentación de <b>candidaturas</b> aos distintos sectores: Na secretaría do centro estarán a disposición dos candidatos/as as solicitudes para presentarse á elección.
<b>4 novembro</b> (luns)	<b>Segunda reunión da Xunta Electoral:</b> Admisión, proclamación e publicación de candidaturas (prazo de reclamacións: 5 e 6 de novembro). A Xunta Electoral resolve as reclamacións o día 7. Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas de votación. <b>Sorteo público para designar catro representantes dos pais/nais, e os seus suplentes, para formar a mesa electoral que se constituirá o día das eleccións.</b>
<b>5 novembro</b> (martes)	<b>Reunión de Claustro de Profesores:</b> Lectura de normas, relación de candidaturas, acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para a elección do profesorado (data posible: mércores 18 de novembro).
<b>5 novembro</b> (martes)	Comezo das distintas campañas electorais. Envío de: Circular ás familias anunciando as candidaturas do seu sector. Convocatoria de Claustro extraordinario. Citacións para a constitución das distintas mesas electorais. Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.



<b>18 novembro</b> (luns)	<b>VOTACIÓNS:</b> <b>Persoal non docente, ás 10:30 h</b> <b>Profesorado: 14:00 h (Claustro de carácter extraordinario).</b> Cada mesa, finalizada a votación correspondente, procederá ao escrutinio público dos votos, redactará e publicará a acta dos resultados.
<b>19 de novembro</b> (martes)	<b>VOTACIÓNS:</b> <b>Pais/ nais e titores legais do alumnado, de 13:30 h a 17:00 h.</b>
<b>27 novembro</b> (mércores)	<b>Terceira e última reunión da Xunta Electoral:</b> Proclamación e publicación de candidatos/as electos/as. Traslado das copias das actas das mesas electorais á Xefatura Territorial. <i>(Art. 51 do Decreto 92/1988).</i> Convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. <i>(Art. 52 do Decreto 92/1988, DOG).</i>
<b>CONSTITUCIÓN DO NOVO CONSELLO ESCOLAR</b>	
<b>28 novembro</b> (xoves)	<b>A dirección do centro convoca os membros do Consello Escolar para a súa constitución, segundo o art. 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo:</b> Constitución do Consello. Designación dos membros que van a constituír a comisión económica e o Observatorio de Convivencia. Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. <i>(Art. 126.2 da LOE).</i>
<b>Antes do 12 de decembro</b>	Envío á xefatura territorial do informe que se publica como anexo II a Resolución do 10 de setembro de 2024.